

A Contracapa



Francisco Jorquera, candidato do BNG ao Congreso, recolleu en Coirós as demandas das veciñas e veciños

O deputado e candidato nacionalista Francisco Jorquera participou xunto coa concelleira Pura Ferreño nunha xuntanza para estudar alternativas que solucionen os problemas de seguridade no cruce de Queirís.

A estrada N-VI, que atravesa varios concellos da comarca, presenta en Coirós varios puntos perigosos. Un deles, o cruce de Queirís, foi escenario de múltiples accidentes ocasionados polo exceso de velocidade, a mala sinalización e o mal estado do firme.

Xa no ano 2009 o BNG, a través do seu deputado Francisco Jorquera, presentou unha iniciativa no Congreso que recollía a necesidade de eliminar este punto negro. A proposta contemplaba o control da velocidade e habilitar zonas para poder facer xiros á esquerda.

Na xuntanza mantida no mes de marzo do 2010 polos responsábeis do BNG coas veciñas e veciños acordouse solicitar un pleno municipal extraordinario no que se demandaría información do estado real do proxecto. A voceira nacionalista, Pura Ferreño, instaba ao goberno municipal a unirse ao rexeitamento polo proxecto, á busca das alternativas máis acaídas e que así fora transmitido ao Ministerio de Fomento. Mais esta demanda non tivo resposta positiva por parte do goberno municipal do Partido Popular.

O BNG, a través do seu deputado Francisco Jorquera, presentou unha iniciativa no Congreso. Solicitouse que se solucionaran os problemas de seguridade viaria, reducindo a velocidade e integrando a estrada nas aldeas polas que circula. A día de hoxe o proxecto atópase parado e nin o goberno local do PP nin o Ministerio de Fomento mostraron interese por atender as demandas veciñais.

Nin o goberno local do PP nin o Ministerio de Fomento mostraron interese por atender as demandas veciñais

Como contactar co BNG de Coirós

tel. 649372511 (Pura Ferreño)

bng.coiros@gmail.com

www.bng-galiza.org/coiros



queremos **democracia**
queremos **traballo**

hai alternativa!

